

EXP. 126/2025

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 18/02/2025 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.2. Bases xerais e convocatoria que rexerá a concesión de axudas para a obtención do permiso de condución A ou B para os/as mozos/as do Concello de Toén (Exp. 126/2025)

Dáse conta das bases xerais elaboradas para rexer a concesión de axudas para a obtención do permiso de condución A ou B para os/as mozos/as do Concello de Toén, en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén publicada no BOP nº 19, de data 25/01/2005.

Tras o exame das bases, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases xerais e a convocatoria para a concesión de axudas para a obtención do permiso de condución A ou B para os/as mozos/as do Concello de Toén, que se unen como anexo ao presente acordo, e dispor a súa publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), así como un extracto no Boletín oficial da provincia de Ourense.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente á convocatoria polo importe máximo de 1.500,00 €, con cargo á aplicación 326.48 do estado de gastos do vixente orzamento municipal do exercicio 2025, prorrogado do 2024.

ANEXO

EXP. 126/2025 BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE CONCUCCIÓN A E B PARA OS/AS MOZOS/AS DO CONCELLO DE TOÉN
As presentes bases fanse ao abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Ordenanza municipal reguladora publicada no BOP nº 19, de data 25/01/2005.

PRIMEIRA.- OBXECTO E RÉXIME DAS AXUDAS

- 1. O obxecto é fixar as bases reguladoras para o ano 2025 das axudas para a obtención do permiso de condución A e B para os/as mozos/as do Concello de Toén.*
- 2. O obxectivo das axudas é contribuír a satisfacer as necesidades e aspiracións da vecindade e, en particular, prestar atención á mocidade, tal e como dispón a Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.*
- 3. A concesión destas axudas realízase mediante o réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade destas axudas non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas, concedéndose a todas as persoas solicitantes que reúna*





os requisitos establecidos nas presentes bases. Se o crédito orzamentario previsto nestas bases non é suficiente para proceder ao pagamento de todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación.

4. Un extracto da presente convocatoria publicarase no Boletín oficial da provincia de Ourense a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, sen prexuízo da súa inserción íntegra no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>).

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

Para a concesión das axudas convocadas destínase a cantidade de 1.500,00 €, que se financiará con cargo á aplicación 326.48 do estado de gastos do vixente orzamento municipal do exercicio 2025, prorrogado do 2024.

Este crédito poderase incrementar no suposto de que sexa insuficiente para atender a todas as solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases.

TERCEIRA.- CONTÍAS DAS AXUDAS E COMPTATIBILIDADE

A contía das axudas será de 150,00 € para a obtención do permiso de condución A e de 300,00 € para a obtención do permiso de condución B, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

Cada persoa solicitante só poderá ser beneficiaria de unha axuda, de xeito que non se poderá solicitar a subvención para máis de un permiso de condución.

A obtención destas axudas é compatible con outras outorgadas coa mesma finalidade por todo tipo de organismos públicos ou privados nacionais, da UE ou de organismos internacionais, sen que en ningún caso o seu importe poida ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obtención do permiso de condución que se solicite.

CUARTA.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS

Serán persoas beneficiarias os/as mozos/as do Concello de Toén que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroada no Concello de Toén cunha cunha antigüidade mínima de 1 ano no momento da presentación da solicitude (en caso de autorización, comprobarase de oficio polo órgano instructor do procedemento).
- Ter obtido o permiso de condución A ou B no período comprendido entre os días 01/01/2024 e 31/08/2025.
- Non ter cumpridos os 26 anos no momento da obtención do permiso de condución.

QUINTA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

1. A presentación da solicitude da axuda presume a aceptación incondicional das bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas que se conteñen nela.
2. A solicitude presentarase no modelo de instancia normalizado (anexo I), que será publicado na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>).
3. A solicitude será asinada pola persoa solicitante e, no caso de ser menor de idade, deberá asinala tamén o/a seu/súa representante legal, e irá acompañada da seguinte documentación:
 - Copia do DNI/NIE da persoa solicitante e, no caso de ser menor de idade, DNI/NIE do/a seu/súa representante legal.
 - Copia do permiso de condución A ou B. No caso de ter aprobado o carné obxecto da solicitude pero o documento aínda non fose expedido, achegarse a autorización temporal para conducir expedida pola Dirección Xeral de Tráfico, que deberá conter a data de obtención do permiso.
 - Certificación de titularidade de conta bancaria da que sexa titular o/a solicitante ou, no caso de ser menor de idade, do/a seu/súa representante legal.
 - Declaración responsable de que cumpre cos requisitos para acceder a estas axudas establecidos nas bases da convocatoria (incluída na solicitude).
 - Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social (incluída na solicitude).
 - Declaración responsable de non incorrer en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario/a segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (incluída na solicitude).
 - Declaración responsable de que se compromete a cumprir as obrigas que para as persoas preceptoras de axudas e subvencións establece o artigo 14 da dita Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (incluída na solicitude).
 - Declaración responsable na que figure o conxunto de subvencións ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, sexan pública



ou privadas, así como o compromiso de comunicar inmediatamente se se solicitan ou se obteñen a partir da data da solicitude (incluída na solicitude).

SEXTA.- LUGAR E PRAZO

- 1. As solicitudes da axuda presentaranse no rexistro xeral do Concello de Toén ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- 2. O prazo para a presentación das solicitudes comeza o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense e remata o día 15/09/2025.*

SÉTIMA.- ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN

- 1. A competencia de instrución do procedemento de concesión corresponderalle á traballadora social do Concello.*
- 2. Realizaranse de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. En particular, para o caso de que se declare a solicitude doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, poderase solicitar a xustificación do gasto realizado para a obtención do permiso de condución para o que se solicita a subvención.*

OITAVA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER E PUBLICIDADE DA CONCESIÓN

- 1. Cada solicitude presentada será avaliada polo órgano instrutor e este elevará informe á Alcaldía, quen formulará proposta de resolución que se someterá á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver.*
- 2. A resolución ditarase no prazo máximo de un mes dende a data da presentación de cada solicitude.*
- 3. Os acordos de outorgamento serán obxecto de publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), con expresión das persoas beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.*

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Tendo en conta que as axudas previstas nestas bases se conceden en atención á concorrencia nas persoas beneficiarias da situación prevista na súa base cuarta, de acordo co previsto no artigo 30.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non se requirirá a rendición da conta xustificativa regulada nese artigo, sen perxuízo, en todo caso, da necesaria acreditación da situación que xustifica a concesión da subvención previamente á súa concesión e o cumprimento das obrigas materiais e formais establecidas nestas bases.

O pagamento da subvención realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido mediante unha transferencia á conta bancaria sinalada pola persoa solicitante.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non especificado nestas bases aterase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén. Tamén se aplicará a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ANEXO I.- SOLICITUDE AXUDAS PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE CONDUCCIÓN A E B PARA OS/AS MOZOS/AS DO CONCELLO DE TOÉN

Nome e apelidos da persoa solicitante:	DNI/NIE:
Enderezo:	Teléfono:
Correo electrónico:	
Permiso de condución para o que se solicita a axuda: • A • B	
Data de obtención do permiso de condución para o que se solicita a axuda:	
(Só para o caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade)	



Nome e apelidos do/a seu/súa representante legal:
DNI/NIE:

DECLARO BAIXA A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que cumpro cos requisitos para acceder á axuda para a obtención do permiso de condución A e B para os/as mozos/as do Concello de Toén establecidos nas bases da convocatoria.
- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social.
- Que non incorro en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario/a segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que me comprometo a a cumprir as obrigas que para as persoas preceptoras de axudas e subvencións establece o artigo 14 da dita Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que, en relación con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes, sexan públicas ou privadas:
 - **Presentei a/s solicitude/s e/ou me foi/foron concedida/s a/s seguinte/s subvención/s ou axuda/s para a mesma finalidade:**

Organismo ou entidade ao que solicita	Data solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicaranse pendente. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

- Non teño solicitado nin, en consecuencia, teño concedida ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, tanto públicas como privadas.
- Que me comprometo a comunicar inmediatamente cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade a partir da data desta declaración, sexan públicas ou privadas.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Copia do DNI/NIE
- (Só no caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade) DNI/NIE do/a representante legal.
- Certificado de empadramento da persoa solicitante (salvo que se autorice ao Concello á súa comprobación de oficio).
- Copia do permiso de condución A ou B ou, para o caso de ter aprobado o carné obxecto da solicitude pero o documento aínda non fose expedido, autorización temporal para conducir expedida pola Dirección Xeral de Tráfico que contén a data de obtención do permiso.
- Certificación de titularidade de conta bancaria do/a solicitante ou, no caso de ser menor de idade, do/a seu/súa representante legal.

Toén, _____ de _____ de 2025

Sinatura da persoa solicitante

Sinatura do/a representante legal (no caso de que a persoa solicitante sexa menor de idade)

Asdo.. _____

Asdo.: _____

Información básica sobre protección de datos

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPD) / Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Responsable: CONCELLO DE TOÉN

Finalidade: Xestión e tratamento de datos persoais das persoas solicitantes da axuda para a obtención do permiso de condución A e B para os/as mozos/as do Concello de Toén.

Lexitimación: O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á persoa responsable do tratamento *RGPD art.6.1 e)* e o consentimento da persoa interesada *RGPD art.6.1 a)*.

Persoas destinatarias: Non se producirán comunicacións de datos a terceiros/as, salvo por obrigación legal. En determinados casos poderán ser publicados os datos persoais nos termos previstos na lexislación vixente, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, a fin de dar a publicidade legalmente esixida.

Dereitos: Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, e a limitación ou oposición ao seu tratamento, a retirar o consentimento prestado e a reclamar ante a Autoridade de Control, tal como se indica na información adicional.

Información adicional: Toda a información facilitada poderá obtela ampliada en www.toen.es.

CONSENTIMENTO EXPRESO Á CONSULTA DE DATOS PERSOAIS

☐ **Manifiesto expresamente a miña autorización** para que os datos que obran en poder da propia administración sexan consultados directamente, non tendo que achegar pola miña parte a documentación requirida (Certificado de empadramento da persoa solicitante).





**CONCELLO DE
TOÉN**

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde en Toén na data da sinatura electrónica.

(Documento asinado electronicamente)

Cod. Validación: ACW4ZDNT9LT9RN3P9M65RLAEW
Corrección: <https://concello.toen.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5



Concello de Toén

Ribadela, 1. 32930 Ourense - Tfno. 988261074 - Fax: 988261272 - CIF: P3208200J - www.toen.es - concello.toen@eidolocal.es